

# ser lingua non é fácil

## Porto Rico



### Porto Rico, 1898.

A Guerra Hispano-americana transfere Porto-Rico para a soberanía dos EUA cuxas políticas para a illa veñen anunciadas polo seu Consul, Mr. Philip C. Hanna:

*"What is best for this island is that anything Spanish will be changed: the Spanish government system, Spanish Law, Spanish courts of justice, Spanish tax system, Spanish customs, the Spanish educational system (which promotes ignorance amongst poor people), Spanish superstitions and, I also hope that the Spanish language becomes a thing of the past on this island."*

*"O mellor para esta illa é que todo o español veña a ser mudado; a forma española de goberno, o Dereito español, os tribunais españois, os métodos españois de tributación, os costumes españois, o sistema de educación español (que promove a ignorancia entre os pobres), as supersticións españolas e eu tamén espero que o idioma español se veña a tornar cousa do pasado nesta illa."*

En 1915, o comisario Paul G. Miller lanza o eslogan do bilinguismo: **"Conversation in Spanish and learning English"** que se traduce no uso do español no ensino primario en canto o ensino secundario e o superior ten como lingua vehicular o inglés a fin de promover o bilinguismo e no futuro a substitución do español polo inglés.

### Porto Rico, 2003.

Durante todo o século XX até hoxe, a "man invisíbel do mercado" ten promovido o avance do inglés fronte ao español a través de varias vías:

- **a presenza maioritaria do inglés no ensino e nas empresas.**
- **a presenza masiva da cultura cinematográfica e musical estado-unidense.**
- **a dependencia económica de 65% da poboación a respecto da axuda federal e o monopolio da economía por parte de empresas norte-americanas.**
- **a aculturación dos xovens que entran no exército ou emigran para os EUA como a cantante Jennifer Lopez cuxa lingua materna é o inglés e que só recentemente aprendeu o español.**

En 2003, o **Senado de Porto-Rico** aproba unha proposta de lei pola cal o español se tornaría o idioma principal do país e deixaría o inglés como lingua secundaria.

Esta proposta de lei vai ser debatida na **Cámara de Representantes Norte-americana** que é que ten a **soberanía** para tomar esta decisión.

A relación administrativa entre Porto Rico e os EUA presenta tres actitudes:

a plena anexión, o estatuto de estado libre-asociado e a independencia.

Os referendos realizados teñen dado o triunfo ao estatuto de estado libre-asociado que se traduce na ausencia de importantes cotas de soberanía política.